

PAIXÓN

Ingmar Bergman, 1969

1675

ESTREA EN NUMAX: 02.02.2026 | V.O.S.E. | 101 min

Andreas, un home desconectado do mundo despois do seu divorcio, retírase a vivir a unha pequena illa do Báltico. Alí coñece unha parella de artistas que está en plena desintegración e unha moza e inestable viúva. Unidos pola dor da perda e a desconexión emocional, ambos inician unha relación. Mentres tanto, alguén percorre a comunidade da illa realizando actos de crueldade animal.

«Bergman elabora un dos discursos existenciais máis profundos e lúcidos de toda a súa filmografía»

Óscar Navales, TRANIST



Acción de padecer

Se buscamos a palabra paixón no dicionario da RAE, atopámonos con que a primeira acepción do termo di que se refire á acción de padecer. Iso é o que precisamente ocorre cos personaxes deste cru drama do mestre sueco Ingmar Bergman no que todos padecen unha mesma enfermidade: a vida.

Bergman volve indagar na angustia que produce a insatisfacción existencial, e só acha no retiro voluntario unha saída que atenúe as súas consecuencias. Saída que o propio cineasta tomaría durante os últimos anos da súa vida, cando decidiu vivir só e apartado do mundo na illa de Farö, lugar no que está filmada a presente fita.

Ao comezo do filme, a voz en off dun narrador que aparecerá puntualmente ao longo do mesmo, preséntanos o personaxe de Andreas arranxando o tellado da súa casa debido a inmediatez do inverno. Vemos que apenas ten contacto con ninguén, salvo con Johan, outro ermitán que acabará converténdose no gran sacrificado da película. Así é o paraíso bergmaniano: a soidade dun Adán que vive co seu pasado e os seus recordos, un ser que ante o seu tormento interior, prefire recluírse no seu odio e incompreensión cara a Deus e o xénero humano.

O seu contacto coas dúas mulleres da película, especialmente con Anna, xa que con Eva non pasará dun encontro carnal, devolverao ao inferno terreal ao constatar a súa incapacidade para amar e vivir en harmonía con outra persoa. E é que Bergman é un pesimista e brillante cirurxián das relacións de parella, ás que disecciona cunha sinceridade e crueldade nunca vistas salvo nas súas obras e nas do seu compatriota, o escritor e dramaturgo August Strindberg, unha influencia evidente para o director sueco.

A contorna da illa e o seu mar calmo son retratados maxistralmente pola sobria fotografía de Sven Nykvist, que capta con agudeza os diferentes estadios lumínicos de Farö nun traballo que, sen dúbida, debeu inspirar a Andrei Tarkovsky para o seu *Sacrificio* (Offret, 1986); obra capital da sétima arte na que tamén contaría co director de fotografía sueco.

É reseñable que Bergman filme os seus actores durante os descansos da rodaxe ofrecendo a súa opinión arredor do personaxe ao que interpretan. Este recurso de carácter vangardista, incide na idea do cineasta de presentar as súas obras como unha ilusión, como xa sucedía en *Persona* (1966), que se iniciaba coa posta en marcha dun proxector de cinema, e n'*A hora do lobo* (1968), onde baixo os créditos iniciais se podía escoitar o tráfego que precede á filmación dunha escena.

Non é necesario facer alusión ao traballo de Liv Ullmann, Max von Sydow, Bibi Anderson e Erland Josephson, xa que sempre é excepcional. Sen ser un dos seus filmes maiores, *Paixón* (1969) posúe todos e cada un dos elementos formais e temáticos que caracterizan ao mellor cinema dun dos creadores esenciais desta arte.

Publicado en johannes-esculpiendoeltiempo.blogspot.com